

PLAN DE ACOLLIDA CEIP PLUR. MONFORTE

Documento que recolle a información relacionada co inicio do curso 2020-2021, e que pretende ser un instrumento de axuda na incorporación e adaptación do alumnado na volta ao colexio.

CURSO 2020-2021

Documento elaborado en base ás “Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato...”

OBXECTIVO

Facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, mediante a organización de actividades que informen dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

TEMPORALIZACIÓN

Do 16 ao 30 de setembro de 2020.

1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

ACTIVIDADES		RESPONSABLE
1.1	Informar sobre as novas normas de organización, funcionamento e convivencia	Persoa titora Equipo directivo
1.2	Reforzar o respecto das novas normas de organización, funcionamento e convivencia	Profesorado de cada materia
1.3	Informar sobre as medidas disciplinarias ante comportamentos contrarios ás novas normas de organización, funcionamento e convivencia	Persoa titora Equipo directivo
1.4	Publicar na páxina web do centro as novas normas de organización, funcionamento e convivencia e todos os documentos relacionados co protocolo establecido pola Consellerí. a	Equipo directivo Coordinador Edixgal

2.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E LIMPEZA

ACTIVIDADES		RESPONSABLE
2.1	Informar sobre as actuacións levadas a cabo no centro en canto a prevención, hixiene e limpeza, en relación ao COVID-19	Persoa titora Equipo
2.2	Reforzara correcta realización das tarefas de hixiene e limpeza	Profesorado de cada materia
2.3	Reforzar o respecto das normas de prevención, hixiene e limpeza	Profesorado de cada materia
2.4	Informar sobre a importancia de levar un rexistro de contactos diarios no ámbito familiar.	Persoa titora
2.5	Informar sobre a importancia de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación clínica do covid -19	Persoa titora Equipo directivo
2.6	Publicar na páxina web do centro as actuacións levadas a cabo no centro en canto a prevención, hixiene e limpeza	Coordinador Edixgal

3.- FORMACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO

ACTIVIDADES		RESPONSABLE
3.1	Realizar unha enquisa ao alumnado sobre a dispoñibilidade de recursos (ordenador, tablet, internet,...) no seu domicilio	Persoa titora
3.2	Explicar a planificación e metodoloxía de cada materia, e o seu funcionamento para o proxecto E-DIXGAL, aula virtual do centro, blog do curso e /ou páxina web do cole segundo corresponda.	Profesorado de cada materia
3.3	<p>Iniciación ao uso do blog de aula e páxina web do centro para Infantil, 1º e 2º de Primaria .</p> <p>Inscripción e matrícula nas distintas materias da aula virtual de terceiro e cuarto de primaria</p> <p>Proxecto E-DIXGAL, para 5º e 6º de Primaria</p>	Persoa titora + profesorado de apoio tic

4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

ACTIVIDADES		RESPONSABLE
4.1	Actividades grupais ou individuais para diminuír os temores e ansiedades do alumnado ante a enfermidade	Persoa titora
4.2	Actividades grupais ou individuais para evitar a exclusión ou intimidación cara a persoas que poidan estar expostas ao virus.	Persoa titora
4.3	Identificar e apoiar ao alumnado que mostre signos de angustia	Persoa titora
4.4	Cofecer a situación e evolución de todo o alumnado NEAE, así como cofecer a situación das familias e a súas inquedanzas a nivel educativo	Orientadora Servicios

Nota: Este documento pode desenvolverse de xeito moito máis concreto e extenso, se o claustro de profesores o considera oportuno.